



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO DE EDUCACIÓN
SECUNDARIA VAL DO ASMA
CHANTADA



PROTOCOLO DE ACCESO AO CENTRO EDUCATIVO



IES VAL DO ASMA



2022/2023



INTRODUCIÓN

Durante o último trimestre do curso 2019-20, adaptáronse as portas de acceso ao centro para poder controlar as entradas e saídas do mesmo, tanto o acceso peonil como o acceso de vehículos. Debido a esta circunstancia, nace este protocolo.

OBXECTIVO

Establecer as normas de funcionamento e servizo dos accesos ao recinto escolar.

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Existen no centro unha única porta de entrada peonil e outra para os vehículos. O alumnado e resto de persoas a pé accederán pola primeira, **quedando prohibido o acceso dos peóns pola porta reservada aos vehículos.**

1. APERTURA E PECHE AO INICIO E FIN DA XORNADA

O Conserxe que teña a quenda de apertura do centro, ás 8:30h., abrirá a porta de entrada de vehículos e a porta de entrada peonil, permanecendo estas abertas ata as 9:45h.

Ás 9:45h., o conserxe procederá ao peche de ámbalas portas, facendo necesario ter mando para a apertura da porta de vehículos, e empregar o videoporteiro para solicitar a apertura da porta de peóns.

As portas deberán permanecer pechadas durante toda a xornada, agás no tempo de lecer, no que se actuará segundo o establecido no apartado 4 deste protocolo.

Ao finalizar a xornada, cada profesor/a que disponga de mando procederá á apertura e peche da cancela de acceso de vehículos, tendo en conta que aínda queda alumnado empregando o servizo de comedor, e o conserxe procederá a apertura da porta peonil para que o persoal poida abandonar o recinto.

O peche das portas ao final do día, corresponderá ao conserxe se estableza por acordo entre eles.

2. ACESO AO CENTRO UNHA VEZ COMEZADAS AS ACTIVIDADES LECTIVAS

Despois de pechada a porta as 9:45h., o profesorado que deseñe introducir ou sacar o seu vehículo do aparcamiento do recinto, terá que solicitar un mando ao secretario do centro para poder abrir e pechar a cancela. O peche de dita porta en horario lectivo será responsabilidade da persoa que procede á súa apertura.



As persoas que accedan ao centro de forma peonil deberán facer uso do videoporteiro como se establece no seguinte epígrafe.

3. EMPREGO DO VIDEOPORTEIRO

As persoas que desexen acceder ao centro de forma peonil, empregarán a porta correspondente, para o que chamarán ao videoporteiro.

Na conserxería do centro está instalado o dispositivo principal de control de apertura da porta, sendo responsabilidade dos conserxes a súa activación. En caso de que, pola realización das súas tarefas, os conserxes teñan que abandonar o seu posto, procederán a informar ao persoal de Administración para que elas activen o videoporteiro durante a ausencia dos mesmos.

4. RECREO

Durante o recreo as portas permanecerán pechadas, non permitindo o acceso ao público entre as 11:15h. e as 11:45h., para manter o control das instalacións e impedir que persoas alleas ao centro e o alumnado sen autorización entren ou saian.

Ao inicio do tempo de lecer, debido á saída do recinto escolar tanto de profesores/as como de alumnos/as de bacharelato e ciclos formativos maiores de idade ou con autorización expresa de poder abandonar o centro, o profesorado con garda de patio controlará a apertura da porta peonil de 11:15h. ata 11:20h. para a saída do recinto, e de 11:40h. a 11:45h. para acceder ao centro unha vez finalizado o tempo de lecer e se asegurarán de que a porta quede pechada cando remate o recreo.